

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

*ANUNCIO do 4 de marzo de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de almacenamento de residuos non perigosos no porto exterior da Coruña, en Punta Langosteira, no concello de Arteixo (A Coruña) (expediente 2020/0195).*

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental, do 3 de marzo de 2021, do proxecto de almacenamento de residuos non perigosos no porto exterior da Coruña, en Punta Langosteira, no concello de Arteixo (A Coruña) promovido por Pérez Torres Marítima, S.L.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro, s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2021

María Sagrario Pérez Castellanos  
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

CVE-DOG: ze3f2ju7-8u23-kgu7-kwd2-s2w5euwzjqo6

